

J. Gaspar Bernárdez Villegas · Antonio Rigueiro Rodríguez

Árbores e formacións senlleiras en Galicia (NW España)

Recibido: 19 Novembro 2011 / Aceptado: 1 Marzo 2012
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2012

Resumo Coa recente actualización do Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras son 147 árbores e 31 formacións as que integran dito catálogo. Posiblemente sexan as mellores representacións de cada especie a nivel galego. Diversos estudos foron revisados durante o proceso de catalogación, ademais de levar a cabo un intenso traballo de campo, no marco dun convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, para localizar, estudar e medir os exemplares que foron propostos para a súa inclusión no catálogo oficial por distintas persoas e institucións, o que nos obrigou a recorrer gran parte do territorio galego en busca das nosas mellores representacións arbóreas. Son moitos os elementos estudados que quedaron fóra do catálogo para non facelo demasiado grande, seguramente algúns entrarán a formar parte do mesmo en futuras actualizacións, pois trátase dun catálogo aberto do que caerán exemplares, se morren ou se deterioran, e entrarán outros. Os estudos realizados neste tempo amosan que en Galicia existen centos de exemplares que serán merecedores de entrar no catálogo en próximas revisións.

Palabras clave árbores monumentais, formacións senlleiras, catálogo

Abstract With the recent update of the Galician Catalogue of Trees and singular formations are 147 trees and 31 formations which make up the catalog. They may be the best representations of each species at Galicia. Numerous studies were reviewed during the cataloging process, was also carried out an intensive field work by University of Santiago technicians in collaboration with the Directorate General of Nature Conservation to locate, study and measure the exemplars proposed by individuals and institutions. It was prospected most of the territory in search of our best performances of trees. There are a lot of big trees that have been left out of the catalog, surely some will become part of it in future updates, as this is an open catalog that will fall some copies and enter another. Studies at this time show that in Galicia there are hundreds of exemplars to be worthy of entry into the catalog in future revisions.

Key words monumental trees, singular formations, catalogue.

Limiar

O pasado día 13 de outubro de 2011, o Diario Oficial de Galicia (DOG 196) publicou a orde pola que se amplía o Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras. Cos exemplares incorporados nesta ampliación son xa 147 árbores e 31 formacións as que conforman o catálogo. Hai que remontarse moito máis atrás no tempo na busca dos inicios da preocupación polo patrimonio vexetal singular de Galicia. Tal vez unha das primeiras persoas interesadas no coñecemento das árbores senlleiras de Galicia foi o Enxeñeiro de Montes D. Rafael Areses Vidal (Tui, 1878-1953) que dedicou gran parte da súa vida profesional ao estudo e introdución de arborado exótico en Galicia desde o seu Viveiro Forestal de Areas (Tui). Froito deste enorme labor investigador é o Parque Natural do Monte Aloia, declarado Sitio de Interese Natural en 1935 e Parque Natural en 1978, sendo o primeiro en Galicia (Decreto 3160/1978), espazo empregado durante anos por Areses como campo de probas para a posterior introdución de especies exóticas nos montes galegos. Pero máis aló do

seu labor de campo, Areses deixou nos moitos manuscritos nos que fai referencia ao arborado singular na Galicia daquela época, mágoa que a idade non lle permitira rematar un dos seus soños, a obra “*Nuestros Parques y Jardines. Contribución al Conocimiento de las Plantas Exóticas Cultivadas en España. Galicia*”, xa que soamente chegou a publicarse o tomo relativo á Provincia de Pontevedra (Areses 1953), no que xa cita algunhas das árbores incluídas hoxe no catálogo, como os taxodios ou cipreses calvos dos Xardíns de Artime (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra), sobre os que comenta: “*Hay más de un ejemplar en la región, pero en la provincia no los vi más que en el paseo de entrada a la finca que los señores Martínez tienen en Villagarcía frente a la Playa de Compostela y en el parque del Pazo el Castriño*” (Areses 1953), o exemplar máis salientable aparece nunha fotografía, o pé indica que xa entón o fuste medía 6 metros de perímetro, hoxe, case 60 anos máis tarde, posúe un perímetro basal de 7,45 metros, pero o máis destacable é que se trata da única localización en Galicia na que atopamos taxodios monumentais, xa que outro taxodio catalogado (Xunta de Galicia 1985), nos xardíns do edificio de Segundina Calvo, en Vedra (A Coruña), morreu fai tempo.

Antecedentes

Repasaremos a historia máis recente da catalogación arbórea galega. Corría o ano 1984 cando a Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación da Xunta de Galicia encargou a realización dun “Inventario de árbores sobresalientes de Galicia” á consultora madrileña Projari S.A.; o inventario foi realizado por un biólogo e un enxeñeiro de montes (Rodríguez & Izco 2003) e o resultado foi a catalogación de 260 monumentos vexetais, 102 na provincia de A Coruña, 49 na de Lugo, 39 na de Ourense e 70 na de Pontevedra. Varios dos exemplares incluídos nese inventario forman parte do actual e moitos xa desapareceron. Os autores do traballo deixaron constancia dos atrancos cos que se atoparon para conseguir información e do escepticismo, temores e cautelas de moitos propietarios (Rigueiro et al. 2008).

En 1999 o Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra publica o libro “*A Finca do Castelo de Soutomaior. Guía Botánica*” (Rigueiro & Fernández, 2001), no que inclúen 149 especies entre árbores e arbustos, ademais de describir minuciosamente as variedades de roseiras, froiteiras e cultivares de camelias presentes nos xardíns da residencia. Todas as árbores da finca do Castelo de Soutomaior incluídas no actual catálogo oficial (araucaria araucana, camecáparis de Lawson, criptomeria e secuoa vermella) estaban xa citadas naquel traballo e outras tantas poden formar parte do catálogo no futuro, pois a colección botánica que alí se agocha é espectacular.

No ano 2000 a Xunta de Galicia declara Monumento Natural o Souto da Retorta ou Eucaliptal de Chavín (Decreto 77/2000, de 25 de febreiro), plantación de eucaliptos realizada entre os anos 1880 e 1912 (Rodríguez & Izco, 2003) nun enclave ideal para o seu rápido desenvolvemento, xa que o souto, de 1 ha de extensión aproximadamente, atópase preto do litoral entre o río Landro e unha canle derivada deste curso fluvial, polo que moitos dos exemplares superan os 60 metros de altura e posúen perímetros normais que na maior parte dos casos superan os 6 metros. Entre todos eles destaca “O Avó” coa base formada por grosos contrafortes cun perímetro de 11 m, reducíndose ata os 7,90 m á altura do peito. Está redución do diámetro do tronco en tan pouca altura axúdanos a comprender a forma da base do fuste, que semella unha pata de elefante, engrosándose rapidamente ao achegarnos ao solo. Medra en espesura, o que favorece a poda natural, non aparecendo a primeira rama ata 17,70 m de altura, acadando a árbore unha altura total de 71,40 m, dimensión que o converte nun dos eucaliptos de maior talla de Europa, de feito fai moi pouco tempo que se descubriu quen lle arrebatou esta honra, trátase dun “carri” (*Eucalyptus diversicolor* F. Muell.) situado na Mata Nacional de Vale de Canas en Coimbra (Portugal), que acada os 72 m de altura. Desgraciadamente o avó está doente e, aínda que se está tratando de salvalo, o seu aspecto decadente nos últimos tempos fainos presaxiar o peor.

Outro Monumento Natural declarado na mesma data é a Fraga de Catasós (Decreto 76/2000, de 25 de febreiro), formación mixta de carballos e castiñeiros de orixe antrópica, plantados a finais do S. XIX polos antigos




Figura 1. Distribución de exemplares/formacións por provincias

propietarios do Pazo de Quintela. O máis destacado do grupo de castiñeiros son os seus portes íntegros, non modificados polas podas e demoucas, o que lles valeu a declaración de exemplares únicos pola FAO en 1954 por posuír os fustes máis altos e o mellor porte forestal de Europa. A súa presenza no medio dunha carballeira é determinante para entender a súa configuración, con corpulentos troncos que ascenden con dereitura e verticalidade, sostendo arquitecturas copais alongadas e de volumes minguados pola notable competencia espacial e lumínica á que están sometidos, adoptando portes maxestosos e señoriais, a expresión máis fermosa do castiñeiro como árbore forestal, según D. Ernesto Viéitez (1992).

O último Monumento Natural declarado no ano 2000 foi o Souto de Rozabales (Decreto 78/2000, de 25 de febreiro). Trátase dun conxunto de castiñeiros con troncos de grandes dimensións que permanecen sen ramificar ata 2-3 m de altura, onde se forma a cruz e comeza a formarse a copa, que se renova cada poucos anos para aproveitar a leña e a madeira e, sobre todo, para favorecer unha boa produción de castañas de bo calibre (figura 2). Foron plantados en ringleiras que aínda se aprecian e, en xeral, gozan dun estado de saúde bastante bo, entre outras razóns porque a altitude e o clima limitan a incidencia dos fungos causantes da doenza da tinta (*Phytophthora* spp.) e do chancro, *Cryphonectria parasitica* (Murrill) M. E Barr. Entre todos os castiñeiros presentes no souto destaca un, o Castiñeiro de Pumbariños, con algo máis de 12 m de perímetro basal e unha idade próxima os 1000 anos (Domínguez Lerena 2007), convertíndose así nun dos exemplares mais vellos de Galicia e posiblemente de todo o estado español.



Figura 2. Souto de Rozabales (Manzaneda, Ourense)

En 2001 o Concello de Vigo publica a obra “Catálogo de árbores singulares do Concello de Vigo” (Fernández & Rigueiro 2001), obra na que se citan 4259 exemplares de 226 especies e 12 híbridos diferentes. Algúns destes exemplares forman parte do actual catálogo oficial, entre

eles podemos destacar a Oliveira do Paseo de Alfonso XII, os Tulipeiros de Virxinia do Pazo de Castrelos ou as Casuarinas da Alameda da Praza de Compostela.



Figura 3. Castiñeiro de Pumbariños (Manzaneda, Ourense)

En 2001 apróbase tamén a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, que no Artigo 52 xa fala do “Catálogo Galego de Árbores Senlleiras”, no que se incluírán “aqueles exemplares ou rodais cuxa conservación sexa necesario asegurar polos seus valores ou intereses naturais, culturais, científicos, educativos, estéticos ou paisaxísticos”. No ano 2002 a Asociación Xuvenil de tempo libre *Croio* edita o libro “Narón en Verde” no que recollen os principais elementos arbóreos do Concello de Narón. Nesta publicación cítase a magnolia de Santa Rita, situada no antigo cuartel da Garda Civil e que pode ser a máis vella de Galicia, pois suponse que foi plantada en 1795 por un matrimonio de orixe francés (Rodríguez & Izco 2003). Na actualidade esta magnolia posúe un perímetro normal de 6,15 m e unha altura de 21 m (Rigueiro et al. 2008)(figura 4). Carlos Rodríguez Dacal e Jesús Izco Sevillano publican en 2003 o libro “Árboles Monumentales en el Patrimonio Cultural de Galicia” no que fan referencia a 345 exemplares arbóreos, 124 na provincia de A Coruña, 63 na de Lugo, 34 na de Ourense e 124 na de Pontevedra. A maior parte dos monumentos arbóreos identificados atópanse en Pazos, Mosteiros, Castelos e outros lugares de interese cultural de Galicia, aínda que tamén inclúen algúns exemplares situados en espazos naturais.

En 2006 publícase o libro “Árboles Singulares de España”, no que se recollen as mellores representacións arbóreas do territorio español. Un capítulo é dedicado a Galicia (Rigueiro 2006) e nel describíense exemplares de tanta importancia como o ciprés de Samos (Samos), a sobreira de Santiorxo (A Pobra do Brollón), o castiñeiro de Baamonde (Begonte), o eucalipto de Reimunde (Foz) ou a aciñeira de Cobas (Rubiá), entre outras.



Figura 4. Magnolia grandiflora de Santa Rita (Narón, A Coruña)



Figura 5. Carballa da Rocha (Rairiz da Veiga, Ourense)

O Concello de Pontevedra publicou no ano 2006 un libro dedicado ao carballo da Capela de Santa Margarida (Rodríguez Dacal, 2006), no que se recolle a historia deste monumental carballo, único supervivente da época da Carballeira dos Gafos. Xa en 2007 a Xunta de Galicia declara Monumento Natural a carballa da Rocha, en Rairiz

da Veiga, Ourense, árbore vigorosa que se atopa en bo estado de conservación e goza de boa saúde, aínda que presenta sinais de podremias e desprendemento de pólas, ademais dalgunhas ramiñas secas. Recuperouse ben da última demoouca, hai uns 50 anos, e das queimaduras producidas por un raio. É un carballo moi coñecido e apreciado na zona pola súa idade, dimensións e fermoso porte, e foi incluído recentemente no escudo oficial do concello de Rairiz de Veiga. Crece nunha finca convivindo con outros carballos centenarios, dando sombra o conxunto aos romeiros que acoden cada 24 de setembro á popular romería de Nosa Señora da Saínza (Rigueiro et al. 2008).

O 22 de marzo de 2007 o Diario Oficial de Galicia publica o decreto da Xunta de Galicia (Decreto 67/2007) polo que se crea o “Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras”, incluíndo nun anexo 106 árbores e 21 formacións senlleiras. 49 na provincia de A Coruña, 26 na de Lugo, 12 na de Ourense e 40 na de Pontevedra. Os criterios tidos en conta para seleccionar os exemplares que se incluíron no catálogo oficial foron os seguintes: _

Morfoloxía, biometría e produtividade.

- Morfoloxía e beleza: porte, textura ou arquitectura da parte leñosa, estrutura e colorido da follaxe.
- Dendrometría: dimensións destacadas (altura total, altura ata a ramificación, circunferencia normal e basal do tronco, diámetro da copa).
- Produción de madeira, cortiza, froitos, etc.
- Idade: valor relativo, en función da lonxevidade da especie.

Singularidade taxonómica, biolóxica, corolóxica, ecolóxica ou paisaxística.

- Rareza taxonómica.
- Área reducida, distribución puntual ou área marxinal.
- Condición de endemismo, subendemismo, reliquia ou relicto.
- Especie ameazada.
- Exotismo da especie.
- Hábitat pouco habitual.
- Integración en paisaxe sobresaínte.

Valor histórico, cultural, relixioso, popular, simbólico ou didáctico.

- Relación con eventos históricos.
- Vinculación co folclore e con eventos populares (feiras, festas, peregrinacións, etc.)
- Carácter simbólico.
- Presenza en obras artísticas.
- Citas literarias.
- Relación con bens de interese cultural.
- Integración en espazos naturais protexidos.

Valor científico.

- Dendrocronoloxía.
- Árbores *plus* fonte de recursos fitoxenéticos.
- Importancia botánica.
- Lonxeidade e estratexias de supervivencia.
- Resistencia a pragas e enfermidades.
- Contribución á conservación da diversidade biolóxica animal.

No ano 2008 a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia edita o libro “*Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia*” (Rigueiro et al. 2008), no que se describen e fotografan as árbores e formacións de dito catálogo. A Deputación de Pontevedra publicou no ano 2010 un libro monográfico sobre o carballo do Viño ou carballo do Pelete (Rodríguez Dacal, 2010), dedicado á vida e historia dese monumental carballo que medra nas terras de A Lama, Pontevedra.

A ampliación do catálogo

O 13 de outubro de 2011 (DOGA 196, 2011) a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia publica a orde pola que se actualiza o Catálogo galego de árbores senlleiras; nesta ampliación recóllense 41 novas árbores e 10 novas formacións, 6 na provincia de A Coruña, 11 na de Lugo, 14 na de Ourense e 20 na de Pontevedra. Para a actualización do catálogo levouse a cabo un dilatado traballo de campo no que se revisaron cerca dun milleiro de exemplares nas catro provincias galegas. Para a localización de monumentos até ese momento descoñecidos abriuse un proceso de participación pública ao que acudiron distintas institucións, asociacións ecoloxistas, grupos de montañismo, axentes forestais, universidades e particulares que fixeron propostas de inclusión de exemplares no catálogo. As solicitudes foron avaliadas polo Comité das Árbores Senlleiras da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, órgano consultivo e de asesoramento creado no Decreto de 2007 cuxa composición é a seguinte:

- O Presidente será o Director Xeral de Conservación da Natureza.
- Un representante da Dirección Xeral de Conservación da Natureza que actuará como secretario.
- Un representante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Un representante da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ou órgano que asuma as súas competencias.
- Un representante de cada unha das tres Universidades Galegas que elas mesmas designen.
- Un representante do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán.

- Un representante das asociacións que teñan como finalidade a protección, conservación ou divulgación das árbores senlleiras.

- O experto ou expertos que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza considere necesarios.

Varios exemplares incluídos na ampliación do catálogo xa estaban citados en algún dos traballos antes comentados, é o caso, entre outros, do carballo de Portacal (Sobrado dos Monxes, A Coruña), carballo de Luxís (Castro de Rei, Lugo) ou as tileiras prateadas da igrexa de San Domingos (Ribadavia, Ourense). Outros, sen embargo, son auténticos descubrimentos, a colaboración das distintas institucións e particulares foi fundamental para localizar exemplares tan impresionantes como o teixo de Cereixido (Quiroga, Lugo), situado a carón do portal de entrada á igrexa parroquial, cun perímetro basal de 7,80 m e unha forma moi característica, bifurcado case desde a base, onde amosa un enorme burato, os brazos, con perímetros de máis de 3 e 5 m, ramifícanse profusamente formando unha copa globosa e de grandes dimensións (Rigueiro et al. 2008). No Coto de Xares, que inclúe arredor de 20.000 ha nos montes ourensáns do concello de A Veiga atopamos o mellor conxunto de bidueiros de Galicia. Trátase duns 20 exemplares situados nunha zona alta (1.318 m.), con grandes contrafortes e engrosamentos basais, pasando de perímetros basais superiores a 5 m a 2 m á altura do peito; as copas son bastante irregulares pola proximidade entre os pés, pero sen dúbida son espectaculares.




Figura 6. Bidueiro no Coto de Xares (A Veiga, Ourense)

De castiñeiros revisamos case 200 exemplares senlleiros, espallados por toda a xeografía galega, case todos terían sido catalogados en calquera outra Comunidade Autónoma, pero a nómína de castiñeiros monumentais galegos é elevada e precisamente por iso os requisitos esixidos a esta especie para entrar no catálogo son altos. Tódolos exemplares incluídos na ampliación teñen un perímetro normal arredor dos 10 m e soen ser bos produtores de froito. Destaca o castiñeiro de Pexeiros (Os Blancos, Ourense), sen dúbida a mellor representación galega da especie, mérito que comparte co castiñeiro de Pumbariños, no concello tamén ourensán de Manzaneda. De porte esvelto e de grandes dimensións (perímetro basal: 14,8 m) non ten ningún problema en aparencia, nin fisuras, nin ocos nin podremias; a súa copa é aberta e equilibrada e tal vez o único inconveniente sexa a súa localización, xa que medra nun valado, pero non parece correr perigo.



Figura 7. Castiñeiro de Pexeiros (Os Blancos, Ourense)



Figura 8. Nogueira de Licín (O Saviñao, Lugo)

Outro exemplar excepcional é a nogueira de Licín (O Saviñao, Lugo), de grandes dimensións (perímetro basal 8,55 m e perímetro normal 7,60 m), con fuste completamente fendido e con moi pouca madeira. A copa amosa un par de ramas que son as que o manteñen con vida. O seu estado sanitario non parece bo, pero é un dos mellores representantes da especie en Galicia, polo que é moi importante a súa conservación.

Tamén extraordinaria é a dicksonia do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra, A Coruña), pteridófito de porte arbóreo e excepcionais dimensións (5,2 m de altura e 2,45 m de perímetro basal), atópase sobre un cúmulo de terra e co fuste algo inclinado e suxeito por 3 estacas de madeira, coa base cuberta polos restos das frondes que foron caendo co paso dos anos.

Grandes ausentes

No catálogo botamos en falta algúns exemplares notables que agardamos poidan pasar a formar parte do mesmo en futuras ampliacións. É o caso das secuoias de Massó (Bueu, Pontevedra), grupo de 9 secuoias próximas aos 80 anos e de grandes dimensións, acadando o exemplar máis grande 46,6 m de altura e 7 m de perímetro basal. Tras consultar varios catálogos de outras Comunidades Autónomas seguramente nos atopemos ante a secuoiá de maior altura de España, e sen dúbida ante o mellor grupo, xa que hai outros exemplares de 44 m de altura no mesmo conxunto. Tamén merece, ao noso entender, estar no catálogo o rebolo ou cerquiño de Queguas (Entrimo, Ourense), de tronco robusto e de grandes dimensións, cun perímetro basal de 5,30 m, que soamente se reduce ata 4,65 m na circunferencia normal. Comezan as primeiras ramificacións a 2,80 m de altura sobre do chan, que se volven ramificar para configurar unha copa ampla, sana, regular e de gran vigor. É estraño o caso deste exemplar, xa que está recollido na publicación que a Consellería do Medio Rural editou sobre o catálogo (Rigueiro et al. 2008) e sen embargo non aparece na ampliación, seguramente por problemas á hora de identificar ao seu propietario.

O salgueiro da illa de Cortegada (Ría de Arousa, Pontevedra) é o de maiores dimensións entre os salgueiros negros coñecidos en Galicia (máis de 5 m de perímetro basal); a pesares diso non está incluído no catálogo polo seu deficiente estado sanitario (Bernárdez et al. 2011).

O amieiro da Fervenza é un exemplar de ameneiro de grandes dimensións que medra no concello lucense de O Corgo, na beira do río Miño, nunha paisaxe privilexiada e a carón do complexo de turismo rural e etnográfico da Fervenza. Ten un perímetro normal de 4 m e unha altura de 15,50 m, cunha idade próxima aos 150 anos. Destaca polo seu único fuste, de gran envergadura (Domínguez, 2008).

Bótanse en falta tamén algunhas das formacións arbóreas máis características de Galicia, como os faias situados na cabeceira do val de Fonteformosa (Pedrafita do Cebreiro, Lugo), con exemplares de faia de ata 24 m de altura e

considerada por algúns autores as representacións máis puras de faias de Galicia (Izco et al. 1985); o aciñeiral de Cruzul (Becerreá, Lugo), localización setentrional e eurosiberiana desa comunidade (Rigueiro et al. 2005); ou a Laureda da Illa de Cortegada (Ría de Arousa,

Pontevedra), cuxa orixe parece derivar do espallamento dos loureiros que facían de sebes entre os terreos de cultivos abandonados durante a expropiación da illa para a posterior doazón ao Rei Alfonso XIII en 1907 (Bernárdez et al. 2011).



Figura 9. Cerquiño de Queguas (Entrimo, Ourense)



Figura 11. Carballo híbrido da Praza do Campo de Quindous (Cervantes, Lugo)



Figura 10. Faial do Tarín, Fonteformosa (Pedrafita do Cebreiro, Lugo)

Lugar	Concello	Provincia	Nº de árbores
Pazo de Santa Cruz	Vedra	A Coruña	10
Pazo de Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	6
Pazo de Mariñán	Bergondo	A Coruña	5
Xardín Artístico de Padrón	Padrón	A Coruña	5
Pazo de Oca	A Estrada	Pontevedra	4
Castelo de Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra	4
Pazo de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	4
Pazo de Castrelos	Vigo	Pontevedra	4

Tabla 1. Lugares de Galicia con maior representación de arborado monumental

Algún erro no catálogo

Detectouse algún erro de identificación nalgún dos exemplares do catálogo publicado en 2007, por exemplo o citado como carballo albar, *Quercus petraea* (Matt.) Liebl., da Praza do Campo de Quindous (Cervantes, Lugo) corresponde en realidade ao híbrido *Q. x rosacea* Bechst., cruce natural entre o carballo albar e o carballo (*Q. robur* L.).

Os que xa non están

Entre os exemplares publicados no catálogo (Decreto 67,2007) temos que lamentar a morte dunha das faias de Castrelos (Vigo, Pontevedra) e do piñeiro manso dos Candeiras (Ponteareas, Pontevedra). Máis recentemente desapareceu o chopo branco do Balneario de Cuntis (Pontevedra), derrubado por un temporal a finais de outubro de 2011; catalogado na ampliación realizada no mesmo mes de outubro (Orde do 3 de outubro de 2011), non permaneceu en pé nin un mes tras ser catalogado. Aínda que son estas malas novas, hai que recordar que se trata dun catálogo que reúne, na maior parte dos casos, exemplares de moita idade, febles e doentes, nos tramos finais das súas vidas. Ademais, trátase dun catálogo aberto, do que caerán exemplares e entrarán outros. Polos estudos que temos feito dedúcese que en Galicia existen centos de exemplares que serán merecedores de entrar no catálogo en próximas revisións.



Figura 12. Piñeiro manso de Os Candeiras (Ponteareas, Pontevedra)

Agradecementos Queremos agradecer en primeiro lugar aos propietarios dos terreos nos que medran as árbores e formacións senlleiras, por facer posible que chegaran aos nosos días, polo esmero co que coidan estes monumentos vexetais e por

permitirnos visitalos. Tamén queremos mostrar a nosa gratitude a tódalas persoas e institucións que propuxeron exemplares para ser incluídos no catálogo e á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, que no marco dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela facilitou que puidéramos estudar con detalle o importante patrimonio natural que representan as nosas árbores e formacións senlleiras.

Bibliografía

Areses Vidal, R. (1953). Nuestros parques y jardines. Contribución al conocimiento de las plantas exóticas cultivadas en España. Galicia. Tomo I. Pontevedra. Escuela Especial de Ingenieros de Montes. Madrid.

Asociación Xuvenil de Tempo Libre “CROIO” (2002). Narón Verde. Concellería de Medio Ambiente. Concello de Narón.

Bernárdez Villegas, J.G.; Blanco-Dios, J.; Mouriño Lourido, J. & Rigueiro Rodríguez, A. (2011). Flora y Vegetación del Archipiélago de Cortegada. Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia. Serie Técnica Organismo Autónomo Parques Nacionales. Madrid.

BOE (Boletín Oficial del Estado)(1979). Decreto 3160/1978, del 4 de diciembre de 1978, por el que se declara el Parque Natural del Monte Aloia. nº 16, 18/01/1979. Madrid. España.

Diario Oficial de Galicia (2000a). Decreto 77/2000, do 25 de Febrero polo que se declara Monumento Natural o Souto da Retorta. nº 72: 403-405. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Xunta de Galicia.

Diario Oficial de Galicia (2000b). Decreto 76/2000, do 25 de Febrero, polo que se declara Monumento Natural A Fraga de Catasós. nº 72: 400-402. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Xunta de Galicia.

Diario Oficial de Galicia (2000c). Decreto 78/2000, do 25 de Febrero, polo que se declara Monumento Natural o Souto de Rozabales. nº 72: 406-408. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Xunta de Galicia.

Diario Oficial de Galicia (2007a). Decreto 45/2007, do 1 de Marzo, polo que se declara Monumento Natural A Carballa da Rocha, no Concello de Rairiz da Veiga. nº 59: 4.690-4.692. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Xunta de Galicia.

Diario Oficial de Galicia (2007b). Decreto 67/2007, do 22 de Marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras. nº 74: 6.136-6.141. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Xunta de Galicia.

Diario Oficial de Galicia (2011). Orde de 3 de Outubro de 2011 pola que se actualiza o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras. nº 196: 30.078-30.080. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.

Domínguez Lerena, S. (2007). Guía del Viajero. Árboles, Leyendas Vivas. Obra Social Caja Madrid.

Domínguez Lerena, S. (2008). Árboles, Leyendas Vivas II. Obra Social Caja Madrid.

- Fernández Alonso, J. & Rigueiro Rodríguez, A. (2001). Catálogo das Árbores Singulares do Concello de Vigo. Ed. Concello de Vigo.
- Izco, J., Amigo, J. & Guitián, J. (1985). Botánica. En: F. Guitián Ojea (Dir.): Estudio del Medio Natural de las montañas gallegas. I. O Caurel: 73-139. Monografías de la Universidad de Santiago de Compostela 102. Secretariado de Publicaciones. Universidad de Santiago de Compostela.
- Leiro Lois, A., Daporta Padín, M., Caamaño Rivas, V.M., Núñez Pérez, M., Pontanilla Pérez, I., & Colazo Pazó, X. (2006). Árbores de Galiza. Promocións Culturais Galegas, S.A. A Nosa Terra.
- Rigueiro Rodríguez, A. (2004). Árbores Singulares de España (Galicia). Ed. Grupo Mundi-Prensa. Valencia.
- Rigueiro Rodríguez, A. & Fernández Alonso, J. (1999). A Finca do Castelo de Soutomaior. Guía Botánica. Servicio de Publicacións. Deputación Provincial de Pontevedra.
- Rigueiro Rodríguez, A., Blanco López, J.M., Ferreiro da Costa, J., Arlés, M., Espinosa, I., Gimero, R., Gómez, M.S., Parreño, M. & Garcés, S. (2005). Bosques Monumentales de España. Ed. Grupo Mundi-Prensa. Valencia.
- Rigueiro Rodríguez, A.; Bernárdez Villegas, J.G., Rodríguez Dacal, C. & Montero Vaz, M. A. (2008). Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.
- Rodríguez Dacal, C. (2006). O Carballo de Santa Margarida. Concello de Pontevedra.
- Rodríguez Dacal, C. (2010). El Carballo Monumental de O Pelete. Deputación de Pontevedra.
- Rodríguez Dacal, C. & Izco, J. (2003). Árboles Monumentales en el Patrimonio Cultural de Galicia. 2 Tomos. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Xunta de Galicia.
- Viéitez Cortizo, E. (1992). *Pasado, Presente y Futuro del Castaño*. En: Especies Frondosas en la Repoblación en Galicia: 9-44. Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial de Lugo.
- Xunta de Galicia (1985). Inventario de Árboles Sobresalientes de Galicia (Inéd.). 3 Tomos. Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural. Consellería de Agricultura, Pesca y Alimentación. Santiago de Compostela.